



Ref.-AEG/axps
161/19

ACORDO ENTRE O INSTITUTO CATALÁN DE ONCOLOXÍA E A CONSELLERÍA DE SANIDADE PARA A CESIÓN DE CONTIDOS AUDIVISUAIS RELATIVOS AOS PROGRAMAS DE CRIBADO DE CANCRO DE COLON

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral técnico da Consellería de Sanidade, DECLARA:

Que a Consellería de Sanidade e o Instituto Catalán de Oncoloxía (ICO), formalizaron con data 27/3/19 o instrumento convencional arriba referido que producirá efectos desde o día seguinte ao da súa sinatura e manterá a súa vixencia durante 5 anos.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a cesión, de conformidade cos artigos 43 e 45 do Real Decreto Lexislativo 1/1996, de 12 de abril, sobre propiedade intelectual, de contidos audiovisuais do ICO en beneficio mutuo para a difusión en canles propias da Consellería de Sanidade/Servizo Galego de Saúde, para a súa explotación, con carácter revogable, non exclusivo, non sublicenciable de forma intransferible e cun ámbito mundial do dereito de distribución destes contidos.

Concretamente, por virtude do acordo o ICO, como titular, cede tres vídeos informativos sobre o cribado de cancro de colon cos seguintes contidos:

- Un vídeo de 0,56 minutos de duración, con contidos relacionados cunha campaña xeral no contexto do Día Mundial contra o Cancro (colon e recto).
- Dous vídeos para unha campaña de prevención en atención primaria e especializada do cancro colo-rectal, dirixidos á poboación en xeral. O primeiro destes vídeos, de 1,15 minutos de duración, sobre a prevención primaria, e o segundo, de 1,11 minutos, sobre a prevención no ámbito da atención especializada.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade, ten como misión fomentar, protexer e contribuír a mellorar a saúde da poboación galega, a través da planificación das diferentes actuacións que contribúan a mellorar a saúde, a asegurar o libre exercicio dos dereitos e deberes sanitarios dos cidadáns, e a garantir a toda a poboación galega as mesmas prestacións e garantías sanitarias e do desenvolvemento de actuacións comunitarias para o control dos riscos de enfermarse asociados a determinantes da saúde.

O ICO realiza ten realizado tres vídeos informativos no marco do proxecto "Mellor sen cancro" sobre prevención do cancro de colon e recto.

O Servizo de Programas Poboacionais de Cribado da Dirección Xeral de Saúde Pública está interesado en acceder a estes vídeos e poder colgalos na súa páxina web, así como en zonas de asistencia sanitaria con dispoñibilidade de proxectar vídeos, como salas de espera ou de entrada en Atención Primaria, en Atención hospitalaria, nas xefaturas territoriais, nos concellos pola súa colaboración na difusión do Programa, así como nas diferentes charlas de promoción do Programa de Cribado, coa vontade de concienciar á sociedade da necesidade de adoptar un estilo de vida saudable para previr o cancro.





Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público, ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

O secretario xeral técnico

Alberto Fuentes Losada.

